

ACTA NÚMERO: 34/2024

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 10 DE OUTUBRO DE 2024.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 10 de outubro de 2024 reúnense os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Carlos Cuadrado Romay, Secretario da Deputación.
- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 3 de outubro de 2024 (Reunión 33/2024).
2. Dar conta da oferta presentada por Móvete Na Moto (MNM) (NIF G36511897), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do NOCO FIM 6DAYS 2024 SPAIS de motociclismo. (Expte.- 2024057006).
3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos "Da túa man" RURAL I e RURAL II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. (Expte.- 2024050912).

Non asisten os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG, D. Francisco Alonso Fernández, Xefe dos Servizos Técnicos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, D. Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal e Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. **Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 3 de outubro de 2024 (Reunión 33/2024).**



Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día 26 de setembro de 2024 (Reunión 32/2024).

2. Dar conta da oferta presentada por Móvete Na Moto (MNM) (NIF G36511897), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, tramitado para a contratación do patrocinio deportivo do NOCO FIM 6DAYS 2024 SPAIS de motociclismo. (Expte.- 2024057006).

Por Resolución Presidencial número 2024007701, de data 02/10/2024, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do patrocinio deportivo "NOCO FIM 6DAYS SPAIN" de motociclismo, cun valor máximo estimado de 82.000,00 €, IVE engadido.

No citado acordo tamén se procedeu a invitar a Móvete Na Moto (CIF: G36511897), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 03/10/2024.

Móvete Na Moto (CIF: G36511897), presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	67.768,60 €
IVE (21 %)	14.231,40 €
Importe ofertado con IVE	82.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada por Móvete Na Moto (CIF: G36511897), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para contratación do patrocinio deportivo "NOCO FIM 6 DAYS 2024" de motociclismo.

3. Proposta de adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de consultaría para a elaboración dunha análise-diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos "Da túa man" RURAL I e RURAL II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU. (Expte.- 2024050912).



O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por Resolución Presidencial número 2024006961, de data 29 de agosto de 2024, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, do *servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU.*

O procedemento convocouse mediante anuncio de licitación publicado no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 30 de agosto de 2024. Na mesma data, publicáronse os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

A Mesa de Contratación, na reunión do 19 de setembro de 2024, procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa e á documentación avaliabile mediante criterios que precisan xuízos de valor e unha vez descargada a documentación administrativa, acordou admitir ás seguintes empresas:

- ALAMCIA, S.L. (CIF: B85132496).
- ESTRATEGIA Y ORGANIZACION S.A. (CIF: A36196418).
- AUREN CONSULTORES SP S.L.P. (CIF: B87352340).
- CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS S.L. (CIF: B15757941)

Empresas non admitidas: Ningunha

Así mesmo, acordou dar traslado das propostas correspondentes aos criterios avaliabiles mediante xuízos de valor aos técnicos do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local para a súa avaliación e ponderación.

Os técnicos do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local, con data 24 de setembro de 2024, emitiron o correspondente informe, con CSV: 4SXYKGYVAG2Q5UCQ, relativo á valoración da documentación técnica presentada polos licitadores, figurando as empresas admitidas co seguinte resultado:

Criterios avaliabiles mediante un xuízo de valor	ALAMCIA SL	AUREN CONSULTORES SP, S.L.P.	CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS SL	ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A.
Proposta estratéxica do plan de medios. <i>Puntuación máxima: 20 puntos</i>	2,500 puntos	3,000 puntos	11,000 puntos	16,000 puntos
Mesas de traballo. <i>Puntuación máxima: 18 puntos</i>	1,500 puntos	3,000 puntos	10,000 puntos	18,000 puntos
Diagnóstico e definición do alcance. <i>Puntuación máxima: 6 puntos</i>	0,000 puntos	1,000 puntos	2,000 puntos	3,000 puntos



PUNTUACIÓN TOTAL SOBRE A. <i>Puntuación máxima: 44 puntos</i>	4,000 puntos	7,000 puntos	23,000 puntos	37,000 puntos
---	-----------------	--------------	---------------	---------------

A Mesa de Contratación, na mesma reunión, tamén procedeu á apertura electrónica dos sobres “B” das empresas que acadan unha valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22 puntos) en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas, sendo os valores ofertados os seguintes:

Unha vez realizada a apertura dos sobres “C”, os valores ofertados foron os seguintes:

CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS S.L.

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 57.000,00 €

IVE (21%): 11.970,00 €

Importe total ofertado: 68.970,00€

2. Experiencia da persoa directora superior a mínima establecida nos pregos:

	Número de traballos ofertados a maiores
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, superiores ao mínimo esixido (o mínimo son 4 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).	-

3. Mesas de traballo a maiores do mínimo esixido:

	Número de mesas de traballo ofertadas a maiores
Número de mesas de traballo ofertadas a maiores do mínimo esixido (3 mesas de traballo) ata un máximo de 2.	2

4. Diagnósticos individualizados a maiores do mínimo esixido:



	Número de diagnósticos ofertados a maiores
Número de diagnósticos ofertados a maiores do mínimo esixido (32) ata un máximo de 16.	16

ESTRATEGIA Y ORGANIZACION, S.A.

1. Prezo ofertado:

Importe sen o IVE: 44.722,00 €

IVE (21%): 9.391,62 €

Importe total ofertado: 54.113,62 €

2. Experiencia da persoa directora superior a mínima establecida nos pregos:

	Número de traballos ofertados a maiores
Número de traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato, para Administracións Públicas ou Organismos Públicos e Entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Administración Pública, superiores ao mínimo esixido (o mínimo son 4 traballos iguais ou similares ao obxecto do contrato nos últimos 8 anos).	23

3. Mesas de traballo a maiores do mínimo esixido:

	Número de mesas de traballo ofertadas a maiores
Número de mesas de traballo ofertadas a maiores do mínimo esixido (3 mesas de traballo) ata un máximo de 2.	2

4. Diagnósticos individualizados a maiores do mínimo esixido:



	Número de diagnósticos ofertados a maiores
Número de diagnósticos ofertados a maiores do mínimo esixido (32) ata un máximo de 16.	16

Tras o exame das ofertas presentadas polas empresas obsérvase que, de conformidade co establecido no prego de condicións económico-administrativas que rexe este procedemento, a oferta económica da empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) presenta un valor anormal ou desproporcionado no referente ao prezo ofertado, polo que se lle require para que no prazo máximo de cinco días hábiles desde o envío da comunicación xustifique a súa oferta, e precise as condicións da mesma, en particular no que se refire ao aforro económico, as solucións técnicas adoptadas e as condicións excepcionalmente favorables de que dispoña para executar a prestación do contrato.

En data 2 de outubro de 2024, a empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) achega a xustificación requirida dentro do prazo establecido dándose traslado ao persoal técnico do Servizo de Promoción do Emprego e Desenvolvemento Local para que informe sobre a mesma.

En data 7 de outubro de 2024, os técnicos do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local emiten informe (CSV: BF1RR4ZHV2BCBCI7) sobre a xustificación efectuada pola empresa e no que conclúen:

“En base ao anterior, considérase que a oferta de ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. (CIF: A36196418) non contén valores anormais ou desproporcionados. O prezo e os valores ofertados están xustificados polo aforro económico nos recursos persoais propios da empresa, por non recorrer á subcontratación. E, tamén, pola utilización de tecnoloxías de análise de datos avanzada que permiten a optimización do rendemento dos recursos. Todo iso, supón un aforro económico sen diminución da calidade dos traballos e a súa execución en tempo e forma.”

Procedeuse de seguido a efectuar a valoración da oferta presentada polas empresas que continúan no procedemento:

Criterios automáticos	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.	CINFO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L.
<i>Prezo ofertado, sen IVE.</i> Puntuación máxima: 38 puntos.	38,000 puntos	7,182 puntos
<i>Experiencia persoa directora superior ao mínimo esixido.</i> Puntuación máxima: 8 puntos.	8,000 puntos	0,000 puntos
<i>Mesas de traballo a maiores do mínimo esixido.</i> Puntuación máxima: 5 puntos.	5,000 puntos	5,000 puntos



<i>Diagnósticos individualizados a maiores do mínimo esixido. Puntuación máxima: 5 puntos.</i>	5,000 puntos	5,000 puntos
TOTAL Puntuación máxima: 56 puntos.	56,000 puntos	17,182 puntos

As puntuacións totais acadadas son as seguintes:

	CINCO CONTENIDOS INFORMATIVOS PERSONALIZADOS, S.L.	ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A.
PUNTUACIÓN SOBRE A <i>(ata un máximo de 44 puntos)</i>	23,000 puntos	37,000 puntos
PUNTUACIÓN SOBRE B <i>(ata un máximo de 56 puntos)</i>	17,182 puntos	56,000 puntos
PUNTUACIÓN TOTAL	40,182 puntos	93,000 puntos

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Propor ó órgano de contratación a exclusión das ofertas presentadas polas empresas ALAMCIA S.L. (CIF: B85132496) e AUREN CONSULTORES SP, S.L.P. (CIF: B87352340) por non alcanzar a valoración mínima do 50% da puntuación máxima asinable (22 puntos) en función dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, en base ao informe emitido polos técnicos do servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 24 de setembro de 2024 (CSV: 4SXYKGYVAG2Q5UCQ).
- 2) Aceptar a xustificación da baixa temeraria achegada pola empresa ESTRATEGIA Y ORGANIZACIÓN S.A. (CIF: A36196418), en canto ao prezo ofertado, en base ao informe técnico do Servizo de Promoción de Emprego e Desenvolvemento Local de data 07 de outubro de 2024 (CSV: BF1RR4ZHV2BCBCI7).
- 3) Aprobar a clasificación das ofertas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do devandito procedemento, que queda da seguinte forma:

POSICIÓN	LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
1º	Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418)	93,000 puntos



2º	CINFO Contenidos Informativos Personalizados S.L. (CIF: B15757941)	40,182 puntos
----	---	---------------

- 4) Propor ó órgano de contratación, neste caso a deputada delegada da área de Infraestruturas Públicas, Mobilidade e Contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do *servizo de consultaría para a elaboración dunha Análise-Diagnóstico de novas oportunidades da Rede MOVE dos proxectos “Da túa man” rural I e rural II presentados ás convocatorias de axudas 2022 e 2023 para o apoio da actividade comercial en zonas rurais do Ministerio de Economía, Comercio e Empresa no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia financiado pola Unión Europea-NextGenerationEU* á empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF: A36196418) polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa proposta como adxudicataria figura inscrita no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 1915, e no Rexistro oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado quedando acreditado en virtude do mesmo, que se atopa debidamente constituída e non está incurso en ningunha prohibición para contratar.

- 5) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa Estrategia y Organización S.A. (CIF:A36196418) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contados desde o seu envío, aporte a restante documentación establecida nos pregos entre a que se atopa a constitución dunha garantía definitiva por importe de 2.236,10 euros
- 6) Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e vinte e dous minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

